



# Ruta Día do Club.

## Bosques e Muíños de Brión.

Sábado 30 de Novembro de 2019.

Xa chegou a cita anual ca *Ruta do Día do Club*, este ano a escollida e unha fermosa ruta de bosque e río en Brión.

É unha ruta fácil e con tres partes diferenciadas, a primeira saíndo da Ponte da Insua que vai entre os bosques á beira do río Tambre, discorre despois entre aldeas como a de Forxán, Pousada, Mourentáns e Ons, con abundantes elementos arquitectónicos como igrexas, cruceiros, muíños ou o recinto (sen escavar) do castro de Forxán, a partir de Ons de novo camiñamos por fermosos bosques e coa visita á ferverza do Pozo Negro, onde o regato dos Chavielos doa as súas augas ó río Tambre.

O punto de encontro e xunto o Club de Piragüismo -a onde chegaremos cada un polos seus propios medios- debendo estar ás **8:45h**, para as nove ter comezado a andaina.

O Club de Piragüismo de onde saímos está xunto a Ponte da Insua na estrada de Urdilde a Negreira (DP-1302). Se alguén non ten forma de chegar ata o punto de saída pode contactar co club para combinar medio de transporte. Ao remate imos xantar no restaurante San Lorenzo en Pontemaceira.

Pode inscribirse quen o desexe e da forma habitual (+ info na web e nos teléfonos que se indican á esquerda).

O prezo para os que **non** son **socios** do Club Vía Láctea é o custo do xantar: **12€** - e no caso de **non** estar **federado** engadindo **3€** para o seguro (tanto se son socios como se non).



### Contacto:

Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo, 1º andar

Tlf. fixo **981 528 740**

(Só martes e xóves de 19 a 21h)

Tlf. Móbil **647 790 104**

**665 810 094**



[clubvialactea@gmail.com](mailto:clubvialactea@gmail.com)

[www.clubvialactea.es](http://www.clubvialactea.es)

- |                           |                |
|---------------------------|----------------|
| • <u>Ruta Tipo:</u>       | Circular       |
| • <u>Dificultade:</u>     | Fácil          |
| • <u>Distancia:</u>       | 16,00 km       |
| • <u>Dur. aprox.:</u>     | 4,00 h         |
| • <u>Saída e chegada:</u> | Ponte da Insua |